

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

23 de abril de 2020

Sendo ás 9:30 horas, en segunda convocatoria, e na Aula Virtual “Sala de Xuntas 1” da Facultade, da comezo a reunión.

Asisten:

Torres Pérez Francisco José	Decano da facultade
Ibáñez Paz Regina	Vicedecana de calidade
Noriega Rodríguez Lidia	Coordinadora do Grao en dereito
Fernández Docampo María Belén	Coordinadora do Grao en RRL
Martínez Yáñez Nora	Coordinadora do Máster en Menores
Arias Martínez María Antonia	Coordinadora do Máster da Avogacía
García Mosquera Marta	PDI
Pillado González María Esther	PDI
Ferreira Pardiñas Rafael Alejandro	Alumnado de 1º e 2º ciclo
Plaga Karolina Laurerncja	Alumnado de 1º e 2º ciclo
García Freiría Mónica	Alumnado de terceiro ciclo
Valcárcel Martínez Manuel Ángel	PAS

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de 7 de novembro de 2019.
Apróbase por asentemento
2. Informes do Sr. Decano.
Infórmase que dende o Rectorado pediranse as guías modificadas e o documento que reflicte as medidas tomadas durante este período para garantir o cumprimento dos requisitos establecidos. Dito documento será remitido aos membros da Comisión de Calidade e incorporará información sobre o desenvolvemento do PAT e as reunión con profesorado e alumnado.
3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación das Guías docentes do Grao en Dereito, correspondentes ao curso 2019-2020.
A alumna Karolina Laurerncja pregunta se o exame de Dereito Procesual Civil modificou a súa data, posto que non se corresponde coa data oficial. Confirmado que se trata dunha errata, a data que debe figurar na guía é a do 20 de maio. As datas oficiais dos exames mantéñense. Procederáse á súa rectificación.
A profesora Marta García comenta a falta de homoxeneidade das guías presentadas. O Decano explica que o formulario chegou cando xa se tiñan solicitado as modificacións e optouse por non repetir a petición.

As propostas de modificación apróbanse por asentemento.

4. Aprobación, se procede, das propostas de modificación das Guías docentes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, correspondentes ao curso 2019-2020.
Apróbanse por asentemento.
5. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións das Guías docentes do dobre Grao Dereito-ADE, correspondentes ao curso 2019-2020.
Apróbanse por asentemento.
6. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións das Guías docentes do Máster en Avogacía correspondentes ao curso 2019-2020.
Apróbanse por asentemento.
7. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións das Guías docentes do Máster en Xestión e Dirección Laboral correspondentes ao curso 2019-2020.
Apróbanse por asentemento.
8. Aprobación, se procede, da proposta de modificación da normativa interna de Centro, para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos, á situación de excepcionalidade académica derivada da crise sanitaria orixinada polo covid-19.
O Decano destaca que a principal novidade é a incorporación dun tribunal unipersoal para a posible avaliación dos traballos presentados.
A profesora Marta García sinala que o traballo debe despositarse igualmente e solicitar formalmente a súa defensa e, a raíz da súa intervención aclárase que todo procedemento mantense: a única diferenza é a posibilidade de optar entre un tribunal unipersoal ou o tribunal establecido. Os traballos defendidos ante o tribunal establecido Terán prioridade á hora de adxudicar as matrículas de honra.
A proposta, aprobase por asentemento.
9. Rolda aberta de intervencións.
Non se solicita ningunha intervención.

Non existindo máis asuntos a tratar, levántase a sesión ás 10:10 horas.

En Vigo, a 23 de abril de 2020.

Regina Ibáñez Paz

